

ACTA DA COMISIÓN AVALIADORA PARA A SELECCIÓN DE DOCENTE DE “COMPETENCIA MATEMÁTICA N2” CELEBRADA O 28 DE FEBREIRO DE 2018

Na Sala de Reunións do andar primeiro da Casa Consistorial, reúnense ás 8.30 a.m. do 28 de febreiro de 2018 os membros da Comisión Avaliadora designados por decreto de 16 de febreiro de 2018, ao obxecto de baremación curricular de aspirantes pre-seleccionados polo SEPE para la impartición do curso AFD Competencia Matemática N2.

Os membros asistentes da Comisión Avaliadora son:

- Ana Alonso Yáñez
- Cristina Garay Aguirre
- Ana E. Quindós Lindín

Son membros asesores da Comisión Avaliadora:

- M^a Teresa Alonso Novo
- Ricardo Costa Arribe

Tendo quorum para actuar, a Comisión procede a baremación da documenteación presentada polos aspirantes pre-seleccionados polo SEPE, de conformidade ao establecido pola orde de 22 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Decreto 30 de Novembro de 2017, punto 2:

Segundo.- Aprobar os criterios de selección aos cales serán sometidas as persoas preseleccionadas polo Servizo Publico de Emprego que son as que de seguido se relacionan:

- **ESPECIALIDADE:**


FCOV23: Competencia Matemática N2

1º.- Requisitos básicos:

- **Formación:**
 - Universitaria (licenciatura-diplomatura-grao no ámbito matemático).
- **Competencia Docente:**
 - Formación-metodoloxía didáctica ou experiencia docente mínima 600h nos últimos 10 anos
- **Experiencia profesional:**
 - con acreditación (1 ano)
 - sen acreditación (3 anos)

2º.- Proceso selectivo:

- **Valoración curricular (máximo 5 puntos):**
 - Formación regrada (máximo 2 puntos):
 - Formación Complementaria: licenciado en Pedagogía, Psicología ou Psicopedagogía (1 punto).
 - Master/postgrao relacionados coa familia profesional (1 punto).
 - Por cada 250 h: 0,5 puntos.
 - Cursos directamente relacionados coa familia da especialidade AFD (máximo 1 punto).
 - Por cada 50 horas de formación en cursos relacionados 0,1 puntos.



- Experiencia profesional (máximo 2 puntos):
 - Directa dentro da familia da especialidade AFD (máximo 1,5 puntos):
 - Dende 500 horas de formación: 0.75
 - De 499 até 250h de formación: 0.50 puntos
 - De 249h até 125 horas de formación: 0,25 puntos
 - Indirecta dentro do ámbito matemático (máximo 0,5 puntos):
 - Por cada 6 meses de formación: 0,1 puntos

Entrevista persoal: cunha duración máxima de 30 minutos (**máximo 1 punto**) no que a adecuación ao posto cualificarase do seguinte xeito:

- a. Aptitude e actitude ante a potencial contratación (máximo 0,75 puntos): Elaborarase polos membros da comisión avaliadora, con carácter previo, unha batería de máximo 5 preguntas, referidas á competencia clave en xeral, coñecemento sobre competencia matemática de N^º, a súa capacidade de resolución de conflitos en aul. Así como a relativa ao coñecemento da tipoloxía de alumnado propio destas accións formativas, considerando neste epígrafe a capacidade e coñecementos dos aspirantes na resolución das cuestións/problemáticas plantexadas.
- b. Situación socio económica e familiar do/a aspirante (máximo 0,25): valoraranse aspectos de discriminación positiva da situación dos aspirantes, do seguinte xeito:
 - Parados de longa duración (máis de 12 meses) : 0,10 puntos máximo.
 - Pertenza a colectivos de difícil inclusión: mulleres, minusválidos, minorías étnicas, maiores de 45 anos, ...: 0,15 puntos máximo.

Nome	Formación	Experiencia	Cursos	TOTAL
Natalia Fernández Díaz	0	0	0	0
Patricia Martínez Rodríguez	0	0	0	0
Paloma Quintana Couto	0	0	0	0
Tania Vilar Varela	0	0	0	0

Sendo as 08.45 e con carácter previo ao chamamento dos aspirantes á entrevista (máximo 1 punto) para cualificar á adecuación ao posto, o tribunal acorda que, de conformidade cos criterios determinados no Decreto do 30 de Novembro do 2017 elabóranse as 5 preguntas abaixo relacionadas, 0'20 por cada unha.

Preguntas da Entrevista:

1. ¿Qué perfil de alumnado considera que se vai encontrar nun curso de competencias clave?
2. Ante un conflito na aula do docente con un alumno/a, ¿Qué tratamento lle daría ao conflito?
3. ¿Como traballaría os contidos actitudinais*?
4. ¿Fálanos de dúas ou tres estratexias metodolóxicas que utilizarías e a qué contidos a aplicarías?
5. ¿Consideras apropiado agrupar ao alumnado segundo o nivel de coñecementos?

Sendo as 09.00, procédese ao chamamento dos aspirantes para a entrevista persoal, outorgándose as seguintes puntuacións:

Nome	Preguntas entrevista	Factor discriminación	total
Natalia Fernández Díaz	0'60	0'25	0'85
Patricia Martínez Rodríguez			Non presentada

Paloma Quintana Couto	0'80	0'25	1'05
Tania Vilar Varela	0'40	0'25	0'65

Rematadas as entrevistas ás 09'40 p.m. A Comisión Avaliadora, por consenso de todos os seus membros, outorga as seguintes puntuacións:

Nome	Subtotal méritos	Subtotal entrevista	Total
Natalia Fernández Díaz	0	0'85	0'85
Patricia Martínez Rodríguez			Non presentada
Paloma Quintana Couto	0	1'05	1'05
Tania Vilar Varela	0	0'65	0'65

Consecuentemente, a Comisión Avaliadora eleva proposta a favor da seguinte aspirante: Dona Paloma Quintana Couto. E Dona Natalia Fernández Díaz como suplente, quedando os demais aspirantes en orde de prelación de puntuacións totais, para casos de rechazo ou renuncia.

O aspirante proposto deberá ser validado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria como requisito preceptivo para proceder á efectiva formalización do contrato, entendéndose, pola presente elévase proposta de contratación á alcaldía a favor de D. Paloma Quintana Couto.

Sendo as 11.15 do día 28 de Febreiro de 2018 dándose por rematada a actuación desta Comisión avaliadora, asinándose a presente Acta e polo de conformidade.

